

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á empresa que a continuación se relaciona, ao non poder notificar por correo certificado, a resolución ditada no expediente de sanción, por infracción na orde social. O seu enderezo, identificación, número de expediente, contía da sanción e disposición infrinxida cítanse a seguir:

Empresa: *Kunststoff Verwertung Sortierung Galicia, S.L.*

Domicilio: rúa do Acibro-Pol. Ind. 36 s/n. Vilalba.

NIF: B-27367101.

Nº exp.: 5/2010.

Contía: 2046 €.

Disp. infrinxida: art. 5.º TR Lisos.

Contra esta resolución poderá interpoñer o interesado recurso dealzada, polo conduto desta delegación, perante o director xeral de Relacións Laborais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Advírteselle que de non ser interposto éste en tempo e forma, deberá de aboar a multa imposta a través da *Caixa Galicia*, Cta. Contable 840, Código 001, Clave 390055, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución xa que, noutro caso, se procederá á execución pola vía de constrinximento, nos termos previstos na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 23 de novembro de 2001.

Lugo, 16 de xuño de 2010.

Antonio Dacal López  
Xefe territorial de Lugo

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se aproba e se dá publicidade ao modelo de comunicación previa relativa ao inicio do exercicio de actividade nun establecemento veterinario, nun centro dedicado ao acicalamento ou coidados de animais, ou nunha residencia de animais.*

Os principios relativos ás liberdades de establecemento e de libre prestación de servizos establecidos na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, pretenden reducir as trabas no acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio de maneira que os instrumentos de intervención das administracións públicas deben ser conformes cos principios de non discriminación, de xustificación e de proporcionalidade, e, así mesmo, exige que se simplifiquen os procedementos e se reduzan as cargas administrativas.

O proceso de transposición da Directiva de Servizos implicou a revisión de normas vixentes para asegurar a súa compatibilidade e coherencia cos principios mencionados. Con este obxectivo realizouse un exercicio de avaliación de toda a normativa sectorial reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Como resultado deste exercicio na Comunidade Autónoma de Galicia, publícase a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

A adaptación do ordenamento xurídico vixente aos principios da Directiva de Servizos non remata nas normas de rango de lei, senón que é necesaria a adaptación das normas de rango regulamentario, publicándose así o Decreto 111/2010, do 24 de xuño, polo que se modifican diversos decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

No artigo primeiro do devandito decreto modifícase o Decreto 153/1998, do 2 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no que se fixa, no seu artigo 39, a necesaria presentación dunha comunicación previa polas persoas físicas ou xurídicas interesadas nos establecementos previstos no parágrafo terceiro do artigo 33.

Os establecementos a que fai referencia o parágrafo terceiro do artigo 33 son os establecemento veterinarios, os centros dedicados ao acicalamentos ou coidados de animais e as residencias de animais.

Á vista do exposto, e en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

### DISPOÑO:

1. Aprobar e dar publicidade ao modelo de comunicación previa relativa ao inicio de actividade nun establecemento veterinario, nun centro dedicado ao acicalamento ou coidados de animais, ou nunha residencia de animais, que se contén no anexo I desta Orde, en virtude do artigo 39 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, así como o anexo II que contén os requisitos que se deben cumprir para iniciar as devanditas actividades.

2. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural



**COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DO EXERCICIO DE ACTIVIDADE NUN ESTABLECEMENTO VETERINARIO, NUN CENTRO DEDICADO AO ACICALAMENTO OU COIDADOS DE ANIMAIS, OU NUNHA RESIDENCIA DE ANIMAIS.**

CÓDIGO

MR420A

## DATOS DO/DA COMUNICANTE

NOME E APELIDOS		COMO TITULAR / REPRESENTANTE DA EMPRESA / ENTIDADE	
RAZÓN SOCIAL		NIF / DNI / CIF	
DOMICILIO SOCIAL		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

## DATOS DO ESTABLECEMENTO

CARACTERÍSTICAS DO ESTABLECEMENTO			
<input type="checkbox"/> A) ESTABLECEMENTO VETERINARIO <input type="checkbox"/> B) CENTRO DEDICADO AO ACICALAMENTO OU COIDADO DE ANIMAIS <input type="checkbox"/> C) RESIDENCIA DE ANIMAIS			
DENOMINACIÓN DO ESTABLECEMENTO			
ENDEREZO		LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

## COMUNICO

O inicio da actividade do devandito establecemento ou centro, e que cumpro os requisitos exixibles na lexislación aplicable para o seu exercicio, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección por parte desta Administración.

- Establecementos veterinarios: requisitos exixibles no punto primeiro e segundo do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.
- Centros dedicados ao acicalamento ou coidado de animais: requisitos exixibles no punto primeiro, segundo e terceiro do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.
- Residencia de animais: requisitos exixibles no punto primeiro e segundo do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Memoria descriptiva do centro ou establecemento e as súas instalacións, así como dos medios de que dispoñan previstos no artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais.
- A presentación da comunicación previa suporá a inscrición de oficio no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes de Catividade de Galicia.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.*  
*Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.*

## SIGNATURA DO COMUNICANTE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

**1- Requisitos exhibibles para o inicio de actividade nun establecemento veterinario:**

Punto primeiro do artigo 36 do Decreto 153/1998, de 2 de abril.

- a) Localización apropiada, co illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades ou de animais estraños ó establecemento.
- b) Construcións, instalacións e equipamentos que proporcionen un ambiente hixiénico, protexan de posibles riscos os animais e faciliten a aplicación de medidas zoonosanitarias.
- c) Subministración de auga potable.
- d) Sistema para a eliminación de esterco, xurro e augas residuais, de forma que non entrañen perigo de contaxio para outros animais nin para o home.
- e) Recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e desinfección para o illamento, secuestro e observación dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.
- f) Medios apropiados para a limpeza e a desinfección dos locais, material e utensilios en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos utilizados no seu transporte, cando este se precise.
- g) Medios apropiados para a destrución ou eliminación hixiénica de cadáveres animais e materias contumaces.
- h) Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais albergados, proposto por un facultativo veterinario.
- i) Programa de manexo adecuado para que os animais se manteñan en bo estado de saúde, supervisado por un facultativo veterinario.

Punto segundo do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- Os establecementos veterinarios e aqueles outros onde se realicen coidados ou aloxamento de animais disporán de locais de espera apropiados, co fin de que en ningún caso os animais permanezan na vía pública, escaleiras ou espazos comúns de inmobles, antes da súa entrada nos citados establecementos.

**2- Requisitos exixidos para o inicio de actividade nun centro dedicado ao acicalamento de animais:**

Punto primeiro do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- a) Localización apropiada, co illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades ou de animais estraños ao establecemento.
- b) Construcións, instalacións e equipamentos que proporcionen un ambiente hixiénico, protexan de posibles riscos os animais e faciliten a aplicación de medidas zoonosanitarias.
- c) Subministración de auga potable.
- d) Sistema para a eliminación de esterco, xurro e augas residuais, de forma que non entrañen perigo de contaxio para outros animais nin para o ser humano.
- e) Recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e desinfección para o illamento, secuestro e observación dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.
- f) Medios apropiados para a limpeza e a desinfección dos locais, material e utensilios en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos utilizados no transporte seu, cando este se precise.
- g) Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais albergados, proposto por un facultativo veterinario.
- h) Programa de manexo adecuado para que os animais se manteñan en bo estado de saúde, supervisado por un facultativo veterinario.

Punto segundo do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- Os establecementos veterinarios e aqueles outros onde se realicen coidados ou aloxamento de animais disporán de locais de espera apropiados, co fin de que en ningún caso os animais permanezan na vía pública, escaleiras ou espazos comúns de inmobles, antes da súa entrada nos citados establecementos.

Punto terceiro do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- a) Dispoñer de auga quente á temperatura adecuada para o lavado dos animais.
- b) Dispoñer dun sistema de secado apropiado e, se é o caso, cos dispositivos necesarios que eviten o risco de producir queimaduras ao animal.
- c) Dispoñer nas mesas de traballo, se é caso, de sistemas de suxeición apropiados que eviten o risco de estrangulamento dos animais no caso de que estes intente saltar ao chan.

**3- Requisitos exixidos para o inicio de actividade nunha residencia de animais:**

Punto primeiro do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- a) Localización apropiada, co illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades ou de animais estraños ao establecemento.
- b) Construcións, instalacións e equipamentos que proporcionen un ambiente hixiénico, protexan de posibles riscos os animais e faciliten a aplicación de medidas zoonosanitarias.
- c) Subministración de auga potable.
- d) Sistema para a eliminación de esterco, xurro e augas residuais, de forma que non entrañen perigo de contaxio para outros animais nin para o home.
- e) Recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e desinfección para o illamento, secuestro e observación dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.
- f) Medios apropiados para a limpeza e a desinfección dos locais, material e utensilios en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos utilizados no seu transporte, cando este se precise.
- g) Medios apropiados para a destrución ou eliminación hixiénica de cadáveres animais e materias contumaces.
- h) Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais albergados, proposto por un facultativo veterinario.
- i) Programa de manexo adecuado para que os animais se manteñan en bo estado de saúde, supervisado por un facultativo veterinario.

Punto segundo do artigo 36 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

- Os establecementos veterinarios e aqueles outros onde se realicen coidados ou aloxamento de animais disporán de locais de espera apropiados, co fin de que en ningún caso os animais permanezan na vía pública, escaleiras ou espazos comúns de inmobles, antes da súa entrada nos citados establecementos.